

CONCURSO DE TAPAS  
DE ENTROIDO

NARÓN GASTRONÓMICO

Do 21 de Febreiro ao 1 de Marzo 2020



Cata a cegas con chefs de prestixio  
Premio á mellor tapa Premios para os clientes

BASES DE PARTICIPACIÓN  
CONCURSO DE TAPAS DE ENTROIDO 2020

A Concellería de Promoción Económica do Concello de Narón, xunto coa colaboración de Eventi S.L., organiza este ano 2020 o *Concurso de Tapas de Entroido 2020*, co que se pretende promocionar e promover o sector hostaleiro, a restauración e o turismo en Narón.

O *Concurso de Tapas de Entroido 2020* celebrarase entre o **21 de febreiro e o 1 de marzo de 2020**.

### 1º - Participación

Poderán participar no concurso todos aqueles establecementos dedicados á hostalería e restauración do Concello de Narón. Ademais, todos os participantes declaran ser maiores de idade.

### 2º - Obxecto da participación

Os establecementos participantes presentarán unha única tapa da cal formen parte produtos típicos do Entroido galego, sexan estes tanto doces como salgados. A adecuación a estas bases, presentación, sabor, e dificultade técnica serán os criterios a valorar polo “Xurado Experto”, mentres que o público puntuará presentación e sabor.

As tapas poderán servirse de forma gratuíta ou ata un importe máximo de 3 euros. O prezo será fixado por cada local no momento de cumprimentar a ficha informativa (consumición aparte segundo PVP). Os establecementos poderán seguir ofrecendo as súas tapas de cortesía habituais, pero estas non entrarán na promoción do evento e por tanto non poderán ser votadas..

As tapas serviranse respectando un horario mínimo de entre as 12:00 e 14:00 horas e/ou entre as 19:00 e 21:00 horas. Os locais que o desexen, poderán ofrecer a degustación durante máis tempo. O horario definitivo será establecido por cada local no momento de cumprimentar a ficha informativa.

### 3º - Inscripción

A inscrición ao concurso será entre o 27 de xaneiro e o 9 de febreiro, de forma gratuíta. Deberá realizarse cumprimentando o “Modelo Oficial de Inscripción” e enviándose a [info@eventi.es](mailto:info@eventi.es) ou ben chamando ao número de teléfono 607 391 660.

Os locais participantes disporán ata o día 9 de febreiro para idear a tapa que presentarán a concurso, facilitando á Organización os datos seguintes, cos que se cumprimentará a Ficha Informativa:

- Nome da tapa
- Ingredientes da tapa
- Horario de servizo
- Prezo da tapa
- Fotografía da tapa (será realizada pola Organización)

#### 4º - Difusión e material de participación

Unha vez presentadas todas as tapas ao Comité Organizativo, o Concello de Narón difundirá e promocionará todo o relativo ao concurso, tanto os locais participantes como as propias tapas. Para iso, elaborárase un díptico que constará dun mapa onde se poidan localizar todos os locais participantes, así como o horario dentro do cal se servirá a tapa de cada local.

#### 5º - Modo de participación

O establecemento deberá anunciar e expoñer a súa tapa de forma destacada entre o 21 de febreiro e o 1 de marzo, ambos incluídos, no horario de servizo escollido, así como dispoñer dun número suficiente e razoable de unidades. As tapas servidas aos clientes deberán adecuarse ás achegadas no “Modelo de Presentación da Tapa”. A falta de servizo das tapas ou a falta de adecuación na presentación ou na composición da tapa levará á descualificación do establecemento e a súa retirada do concurso. O cumprimento disto será controlado frecuentemente polo “Comité Organizativo” levando a cabo controis en horario, locais e con persoas aleatorias.

A Organización distribuirá entre os establecementos unha urna para a participación do público, xunto cun conxunto de papeletas, un folleto explicativo coa relación de establecementos participantes e un cartel acreditativo da participación no concurso. Dito cartel deberá ser exposto nun lugar visible do establecemento. Os participantes poderán solicitar a reposición de papeletas chamando ao número de teléfono 607 391 660.

#### 6º - Modalidades de valoración

O establecemento gañador do concurso designarase mediante o establecemento dun sistema de puntos, os cales serán recibidos grazas a dúas modalidades de valoración:

- a) valoración do xurado experto nunha cata a cegas,
- b) valoración popular.

##### *6.1 Valoración do xurado experto, en cata a cegas.*

Os establecementos que o desexen poderán enfrontarse á valoración da cata a cegas, a cal se presenta có obxecto de garantir a imparcialidade e incrementar a relevancia do concurso. Nesta valoración, cociñeiros de alto prestixio a nivel nacional degustarán e avaliarán –de 0 a 10- as tapas presentadas. O Xurado será secreto, descoñecerá a quen pertence cada tapa e degustará as mesmas de xeito privado emitindo unha valoración en base a:

- Presentación: de 0 a 10 puntos
- Complexidade: de 0 a 10 puntos
- Sabor: de 0 a 10 puntos.

A puntuación máxima a acadar nesta proba será de 30 puntos.

A suma dos puntos de cada tapa será o resultado final da valoración do xurado experto. Esta valoración farase constar nunha acta unha vez realizada a cata, que xunto coas valoracións, manterase nun sobre pechado ata a finalización do concurso. Unha vez pechado o sobre, farase pública a composición deste xurado, co que poderán departir os participantes.

No caso de empate, a tapa gañadora elixirase en función de, e por este orde, sabor, complexidade e presentación. De persistir o empate, o Xurado Experto deberá deliberar e decidir a orde das tres tapas gañadoras.

Esta votación levarase a cabo (previsiblemente) o día **24** de febreiro, ás **18** horas nunha localización que se informará días previos. Os participantes deberán levar as elaboracións preparadas ou pendentes de montar ou de golpe de calor.

### 6.2 Valoración popular

Os clientes poderán valorar as tapas degustadas tras visitar 2 establecementos. En cada degustación deberán pedir ao establecemento que sele o reverso da papeleta. Feitas as dúas degustacións, os clientes deberán comparar as dúas tapas e emitir para cada unha delas unha puntuación en base a:

- Presentación: de 0 a 10 puntos.
- Sabor: de 0 a 10 puntos.

Feitas as valoracións e cumprimentada a papeleta deberán depositala na urna de calquera dos locais participantes. Soamente serán válidas as papeletas que conteñan os datos correctos do cliente, a valoración de cada unha das 2 tapas e o selo dos establecementos elaboradores das mesmas.

Os clientes poderán participar probando e valorando varias tapas en varios locais, sen repetir local, incrementando así a posibilidade de acadar algún dos premios.

A valoración popular para un determinado establecemento obterase seguindo o seguinte proceso:

1. Sumarase a puntuación que reciba cada tapa no total de papeletas.
2. A suma resultante dividirase entre o número total de papeletas que valoran esa tapa, para sacar una nota media do total de votos recibidos, de xeito que teñan as mesmas oportunidades as tapas que recibiron 20 valoracións que as que recibiron 300 valoracións. Este será o resultado final da valoración do xurado popular.

A puntuación máxima a acadar nesta proba será de 20 puntos.

**Os propietarios dos establecementos participantes non poderán emitir valoracións como clientes.**

## 7º - Reconto de votos

Ao finalizar o concurso, procederase ao reconto de votos, e á apertura do sobre cos resultados da cata a cegas. Este proceso será público e a él poderán asistir os representantes dos establecementos participantes.

O establecemento que sume máis puntos entre a valoración do xurado experto na cata a cegas, e a valoración do xurado popular considerárase o **gañador xeral do concurso**. No caso de empate, considerárase gañador o que máis puntos recibise na cata a cegas.

## 9 - Premios

Estableceranse os seguintes premios:

### 8.1 Premios para os locais

Os locais que máis puntos obteñan da valoración da cata a cegas obterán os “**Premios do Xurado Experto**”:

- 1º PREMIO: 400 € + diploma + detalle conmemorativo.
- 2º PREMIO: 250 € + diploma + detalle conmemorativo.
- 3º PREMIO: 150 € + diploma + detalle conmemorativo.

Os locais que máis puntos obteñan da Valoración do xurado popular obterán “**Premios do Xurado Popular**”:

- 1º PREMIO: 300 €, + diploma + detalle conmemorativo
- 2º PREMIO: 200 € + diploma + detalle conmemorativo.
- 3º PREMIO: 100 € + diploma + detalle conmemorativo.

Os premios poderán ser acumulativos, polo que os gañadores do xurado experto tamén poden ser gañadores do xurado popular, podendo acadar así un premio de ata 700 euros.

Ademais, o establecemento gañador do concurso recibirá tamén unha chaquetilla bordada co logo do concurso e o ano de participación.

### 8.2 Premios para os clientes

Os clientes que participen emitindo as papeletas válidas entrarán no sorteo de:

- 1 cea para un premiado e acompañantes, por valor de ata 150 euros, no establecemento clasificado en primeiro lugar xeral
- 1 cea para un premiado e acompañantes, por valor de ata 150 euros, no establecemento clasificado en segundo lugar xeral
- 1 cea para un premiado e acompañantes, por valor de ata 150 euros, no establecemento clasificado en terceiro lugar xeral.
- 2 Circuitos spa en Odeón Spa Center

O día 5 de marzo, ás 11:00h horas, farase a entrega de premios tanto para os locais como para a clientela no concello de Narón. Neste sentido, informase que se comunicará o Premio aos clientes mediante chamada telefónica. De non responder á terceira chamada, enviaráselles un SMS ou Whatsapp, ao que deberán responder nun prazo máximo de 12 horas. Se non hai resposta, ese premio quedará deserto.

### **9º - Canxe de premios do público**

Os clientes premiados poderán canxear os seus premios a partir do día 5 de marzo, e antes do 5 de maio. Para facer o canxe deberán solicitar reserva aos establecementos, en función da dispoñibilidade dos mesmos.

### **10º- Protección de datos e política de privacidade**

É necesario precisar que, durante todo o concurso e ao termo do mesmo, respectarase a Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, de maneira que os datos persoais depositados nas papeletas de participación, non serán utilizados para outros fins distintos aos propios do concurso. En canto aos datos dos establecementos participantes, permanecerán almacenados nunha base de datos da que é titular Eventí, podendo exercer o propietario dos datos, os dereitos de acceso, rectificación ou eliminación solicitando tal intervención por medio de correo postal dirixido á dirección de contacto de Eventí, acompañada de xustificante de identificación.

A organización poderá facer un seguimento e reportaxe gráfica do desenvolvemento do concurso, podendo utilizar ditas imaxes para fins divulgativos e na propia web. O participante –cliente e establecemento- polo feito de selo, coñece e consente o uso dos seus datos persoais e a súa imaxe para os fins especificados.

### **11º- Aceptación das bases**

A participación no *Concurso de Tapas de Entroido 2020* implica a aceptación destas bases, así como a súa resolución.

Para o non contemplado nas bases terá valor a decisión do comité organizador, integrado polo concellal de promoción económica do concello de Narón, e un representante da empresa Eventí.